



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 18 DE FEBREIRO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a María Herminia Pouso Maneiro D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D^a Elvira Pereira Ageitos
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día dezoito de febreiro do dous mil dezaseis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 4 de febreiro de 2016 e 11 de febreiro de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 16/02/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 149.909,24 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	12/02/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Admón, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 6000 impresos de solicitude de certificados duplicados e 600 impresos de instacia xeral duplicados para administración xeral		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:		J15626245		
Importe (IVE incluído):		709,76 €		
Observacións				

Nº Proposta		2	Data	08/02/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Arranxo de chapa e pintura do vehículo Fiat Punto 6808CVV de Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL VIDAL MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MANUEL VIDAL MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52451368Y			
Importe (IVE incluído):	1.133,35 €			
Observacións				

Nº Proposta		3	Data	15/02/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Benestar Comunitario Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Acometidas eléctricas fixas a contenedores soterrados na Rúa mariño de Rivera e no Palco de Música da Praza do Porto e na Rúa Escorial para conexión para a celebración de diferentes eventos.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.			
NIF/CIF:	A63222533			
Importe (IVE incluído):	1.019,43 €			
Observacións				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	15/02/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizos de asistencia técnica en materia de protección contra a contaminación acústica. Unha anualidade		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- VIROCEN, S.L. - CYE CONTROL Y ESTUDIOS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VIROCEN, S.L.		
NIF/CIF:	B36208239		
Importe (IVE incluído):	5.521,23 €		
Observacións			


Nº Proposta		5	Data	09/12/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Execución subsidiaria de limpeza de finca na Avda. da Coruña, propiedade de Luis Sánchez Toucedo		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- VIAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. - J. BENITO SAMPEDRO VIZCAYA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.			
NIF/CIF:	B15555923			
Importe (IVE incluído):	1.210,00 €			
Observacións				

Nº Proposta		6	Data	15/02/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Informática Ramón Martínez Becerra		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición e implantación de módulo de Carpeta Cidadá e Rexistro Telemático da aplicación SWAL		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GT3 SOLUCIONES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GT3 SOLUCIONES, S.L.			
NIF/CIF:	B92520451			
Importe (IVE incluído):	10.415,68 €			
Observacións				

Proposta de gasto nº 7: Pago de gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido 2016.

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 10/02/2016, na que solicita que se realice o pago aos beneficiarios das gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Entroido 2016, segundo os importes reflectidos na relación e anexos que achega xunto coa proposta.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación ao pago para os beneficiarios das gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido 2016, segundo a seguinte relación:


Categoría/Modalidade: Nome artístico	Importe Premio/Gratificación
Comparsa: Murga da Residencia do Maior de Riveira Geriatros, S.A.	Gratificación: 200,00 €
Comparsa: Asociación Cultural Alfaia Murga Infantil: Los mismos Asociación Cultural Alfaia	Gratificación: 300,00 €
Murga Infantil: Los minions se apuntan al Tomasón M ^a Tania Dorca Martínez	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: As que nunca se rinden Asociación Amencer	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Lucas de Ferrovia Asoc. Veciñal Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Oleiros xa replicou Asoc. De Veciños Dolmen de Axeitos de S.M. de Oleiros	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Festa rachada Club de Pensionistas y Jubilados del Mar de Riveira	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Tomando medidas Asociación Cultural Recreativa Veciñal Deportiva A Redonda Vella	<u>1º premio:</u> 1.000,00 €
Murga Adultos: Murga de Porto do Son, Os de sempre María García Martínez	<u>2º premio:</u> 600,00 €
Murga Adultos: Play Dolls Asociación Cultural Recreativa Havana-Riveira	<u>3º premio:</u> 400,00 €


EXPEDIENTES DE FRACCIONAMENTO DE PAGO.

FRACCIONAMENTO DE PAGO A JOSÉ AMADOR SUÁREZ PAISAL

Expediente: 2016-00000003

Visto o escrito presentado por M^a Carmen Fernández Arias en representación de **José Amador Suárez Paisal**, de data 12/02/2016 (Rexistro de





entrada nº 1.373), no que solicita o fraccionamento de pago de liquidación tributaria.

Visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Tesourería Municipal, de data 16/02/2016.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade ca citada proposta de resolución, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMERO.- CONCEDER o aprazamento/fraccionamento solicitado, con aceptación provisional da garantía aportada, e liquidar o xuro de demora desde o día seguinte ao fin do periodo voluntario ata a data de vencemento do prazo concedido ou, no seu caso, de cada fracción de débeda, de acordo co artigo 53 do Regulamento Xeral de Recadación, establecéndose como prazos e cantidades a ingresar os seguintes:

Fracción	Vencemento	Importe fracción
01	05/03/2016	116,86 €
02	05/04/2016	116,86 €
03	05/05/2016	116,86 €
04	05/06/2016	116,86 €
05	05/07/2016	116,86 €

SEGUNDO.- Notificar ao/á interesado/a o acordo anterior, advertíndolle que:

- 1.- Nos aprazamentos a falta de pago das cantidades aprazadas na data do seu vencemento, determinará a súa inmediata esixibilidade, en vía de apremio. Esixirase o apremio do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e o recargo do periodo executivo sobre a suma de ambos conceptos.
- 2.- Nos fraccionamentos, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase a correspondente providencia de apremio, co recargo executivo sobre a suma de ambos conceptos e de non producirse o ingreso das cantidades anteriores se considerarán vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de apremio.
- 3.- De conformidade co establecido no artigo 52.2 do Regulamento Xeral de Recadación:
 - a) Os pagos que o Concello deba realizar ao obrigado durante a vixencia do presente acordo quedarán afectos ao cumprimento do aprazamento. A tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou





parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que surta os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, aínda cando esto poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen perxuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.

- b) O mantemento e eficacia do presente acordo queda condicionado a que, durante a súa vixencia, o interesado se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 16/02/2016, en relación ao escrito presentado por **Rosa María Pombo Zapata**, de data 02/02/2016 (Rexistro de entrada nº 998), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 03/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a Rosa María Pombo Zapata unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **600,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago de 2 meses de aluguer (xullo e novembro 2015).

2.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 17/12/2015, no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar a favor de **Lourdes e Soraya Dos Santos Dos Santos**.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe** favorable emitido polo Pedagogo do Departamento de Servizos Sociais, Santiago Páramo Aller, de data 17/12/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a Lourdes e Soraya Dos Santos Dos Santos unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **363,50 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago dos meses de setembro e outubro polo uso do comedor escolar.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

3.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 04/02/2016, en relación ao escrito presentado por **Alicia García Fernández**, de data 01/02/2016 (Rexistro de entrada nº 920), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 03/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a Alicia García Fernández unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **299,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes á adquisición dunha neveira.

4.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 26/01/2016, en relación ao escrito presentado por **Gustavo Enmanuel Ferro Bonfanti**, de data 16/10/2015 (Rexistro de entrada nº 10.648), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 21/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a Gustavo Enmanuel Ferro Bonfanti unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **400,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago de 2 meses de aluguer (outubro e novembro 2015).

5.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 26/01/2016, en relación ao escrito presentado por **M^a Teresa Rey Blanco**, de data 19/01/2016 (Rexistro de entrada nº 405), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 21/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a M^a Teresa Rey Blanco unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **210,21 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao





pago de 2 meses de aluguer (120,00 €), sufragar unha factura de electricidade (64,71 €) e dúas bombonas de gas (25,50 €).

6.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 26/01/2016, en relación ao escrito presentado por M^a del Carmen Carracedo González, de data 26/01/2016 (Rexistro de entrada nº 657), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, M^a del Pilar García Sampedro, de data 26/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a M^a del Carmen Carracedo González unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **500,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago de 2 meses de aluguer (outubro e novembro 2015).

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.


Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.


V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Visto o escrito presentado por Ángel Manuel Santamaría Pérez en representación de **Rafael Antonio Romero Piñeiro**, de data 11/05/2015 (Rexistro de entrada nº 4.748), no que solicita que por parte dos técnicos municipais se realice





visita de inspección para continuar co expediente e obter a licenza de actividade definitiva.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico favorable do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 04/08/2015, ao informe técnico favorable do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 29/01/2016, e ao informe xurídico con proposta resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/02/2016, estimando que o emprazamento e demais circunstancias non se opoñen á LOUGA, ás Ordenanzas municipais nin ao Código Técnico Edificación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Rafael Antonio Romero Piñeiro **LICENZA DE ACTIVIDADE DEFINITIVA** para TALLER PARA LAVADO, ENGRAXE E CAMBIO DE PNEUMÁTICOS no lugar de Xarás nº 5, Riveira.


Segundo.- Deberá dita actividade estar suxeita ao estricto cumprimento da normativa vixente contra a contaminación acústica.


Terceiro.- As licenzas teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas unha vez autorizadas e orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Dirección Xeral de Comercio.

Quinto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Luisa Antonia Ageitos Vázquez**, de datas 20/10/2015 e 04/11/2015 (Rexistros de entrada nº 10.812 e 11.283), nos que solicita **a renuncia expresa da licenza de obra nº 70/15** e a devolución das taxas aboadas.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 11/11/2015, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/02/2016, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 08/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da licenza urbanística municipal de obra presentada por Luisa Antonia Ageitos Vázquez en relación á **LICENZA DE OBRA Nº 70/15**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de agosto de 2015 para levar a cabo a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, sita en parcela con refª catastral nº 0714509NH0101S00001Z na Rúa Paio Gómez nº 2, Riveira, achegándose Proxecto Básico de abril de 2015 redactado por Manuel Peleteiro Bandín, así como Escritura de Propiedade, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (nº lic. obra: 70/15), formulada por **Luisa Antonia Ageitos Vázquez**, coa seguinte contía: **1.192,67 €.**

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Vistos os escritos presentados por Reinaldo Núñez Moldes e Eduardo Iglesias Catoira, actuando como administradores mancomunados da entidade **Viviendas e Inmuebles Urbanos y Rústicos, S.L. (VIMUR, S.L.)**, de datas 17/12/2015 e 21/12/2015 (Rexistros de entrada nº 12.930 e 12.989), nos que solicita **a renuncia expresa da licenza de obra nº 123/07** e a devolución das taxas aboadas.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 20/01/2016, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/02/2016, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 08/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da licenza urbanística municipal de obra presentada por Reinaldo Núñez Moldes e Eduardo Iglesias Catoira actuando como administradores mancomunados da entidade VIVIENDAS E INMUEBLES URBANOS Y RÚSTICOS S.L. (VIMUR S.L.) en relación á **LICENZA DE OBRA Nº 123/07**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 8 de marzo de 2007 para levar a cabo a construción de edificio de vivendas no lugar da Ameixida, Castiñeiras, Riveira, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra nº 123/07, formulada por **Viviendas e Inmuebles Urbanos y Rústicos, S.L.**, coa seguinte contía: **15.392,00 €.**

Terceiro.- Que se proceda á devolución do aval depositado como condicionante da licenza de obras nº 123/07, coa seguinte contía: **15.727,93 €.**

Cuarto.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO PROXECTO DE EXECUCIÓN PRESENTADO POLA ENTIDADE SUMINISTROS OUTEIRO SL. ASÍ COMO DA RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 7/14 INCOADO Á ENTIDADE SUMINISTROS OUTEIRO S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA e ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL para destinalo posteriormente a USO ESPECÍFICO TERCIARIO DE VENDA POLO MIÚDO DE MATERIAIS E FERRAMENTAS DE CONSTRUCIÓN.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira e Solo Rústico Común.


REFª CATASTRAL: 909508MH9099S0001LI.


SITUACIÓN: Lugar de Listres s/n, Carretera Xeral (CP-7305), Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: SUMINISTROS OUTEIRO S.L.

AUTOR/A PROXECTO: Manuel Peleteiro Bandín.

PROXECTO: Documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 17.7.15, (Rexistro de entrada nº 7.577) consistente en Proxecto Básico para a ampliación e cambio de uso dun edificio de planta baixa e piso de xuño de 2015, Oficio de Dirección de Obra / Documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 25.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.762), consistente en Plano A-05 planta baixa - estado reformado, Plano A-06 planta baixa - planta de cotas, planta A-07 Sección A-A, Plano A-08 alzados principal e lateral izquierdo, Plano A-9 alzados posterior e lateral dereito, Plano A-11 planta baixa recorridos de evacuación de agosto de 2015 así como Informe de cumprimento de CTE / Documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 27.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.840) consistente en Plano A-10 planta de cuberta de agosto de 2015 / Documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 31.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.930), consistente en novo Informe de cumprimento de CTE.





NOVA DOCUMENTACIÓN: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 29 de setembro de 2015 / Oficio de Execución Material e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de setembro de 2015 acordou por unanimidade:

“

(...)

Primeiro.- CONCEDER á entidade SUMINISTROS OUTEIRO S.L. LICENZA DE OBRA para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA e ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL PARA destinalo posteriormente a **USO ESPECÍFICO TERCIARIO DE VENDA POLO MIÚDO DE MATERIAIS E FERRAMENTAS DE CONSTRUCCIÓN** en parcela sita no lugar de Listres s/n, Carretera Xeral (CP-7305), Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 909508MH9099S0001LI, nos termos do documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 17.7.15, (Rexistro de entrada nº 7.577) consistente en Proxecto Básico para a ampliación e cambio de uso dun edificio de planta baixa e piso de xuño de 2015 e Oficio de Dirección de Obra, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 25.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.762), consistente en Plano A-05 planta baixa - estado reformado, Plano A-06 planta baixa - planta de cotas, planta A-07 Sección A-A, Plano A-08 alzados principal e lateral izquierdo, Plano A-9 alzados posterior e lateral dereito, Plano A-11 planta baixa recorridos de evacuación de agosto de 2015 así como Informe de cumprimento de CTE, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 27.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.840) consistente en Plano A-10 planta de cuberta de agosto de 2015, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 31.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.930), consistente en novo Informe de cumprimento de CTE, redactado todos eles por Manuel Peleteiro Bandín.

Segundo.- Dita LICENZA DE OBRA NON AMPARA O INICIO DAS OBRAS ata a presentación do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, así como os Oficio Dirección de obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, visados polos Colexios Oficiais correspondentes, polo que se MANTÉN O PRECINTO e o CESE DEFINITIVO DA ACTIVIDADE nos termos do informe que se remitiu ao Xulgado en informe de data 13 de febreiro de 2012.

2.- Posteriormente como consecuencia das actuacións de inspección realizadas pola Policía Local do Concello de Riveira, compróbase que se está levando





a cabo a obras en parcela sita no lugar de Listres s/n, Carretera Xeral (CP-7305), Aguiño, Riveira, promovidas polo Sr. José Crujeiras Sanpedro representante da entidade SUMINISTROS OUTEIRO S.L.tal como informa o Intendente-Xefe Accidental da Policía Local en informe emitido na data 13 de novembro de 2015.

3.- Revisados os arquivos municipais consta presentado en escrito rexistrado de entrada na data 9.10.15, (Rexistro de entrada nº 10.464), Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 29 de setembro de 2015 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

4.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe favorable en relación ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 29 de setembro de 2015 redactado por Manuel Peleteiro Bandín na data 9 de novembro de 2015 facendo constar que:

“

(...)


El proyecto de ejecución presentado se corresponde con el proyecto básico y documentación complementaria que sirvió de base para la obtención de licencia según comprobaciones generales. No se solicitan cambios respecto de dicha licencia ni se detectan en la memoria del proyecto por lo que se comunica al promotor que la obra se realizará adaptada a los parámetros urbanísticos del proyecto básico para el que se otorgó licencia.”

5.- Posteriormente por Decreto de Alcaldía de data 13 de novembro de 2015 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 7/14 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

6.- A notificación do citado Decreto practicouse a José Crujeiras Sampedro na data 27 de novembro de 2015, a María Prudencia Dios Lampón na data 27 de novembro de 2015 e a Francisca Martínez Rama na data 27 de novembro de 2015.

7.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

8.- Notificado este emprazamento María Prudencia Dios Lampón presenta escrito de data 23 de novembro de 2015, (Rexistro de entrada nº 12.067), do seguinte xeito:





“

(...)

Denuncia por realización realización de actividad comercial y de almacenamiento de materiales de construcción sin licencia.

(...)”

Anteriormente consta no expediente denuncia presentada por María Prudencia Dios Lampón en escrito de data 5 de xuño de 2015, (Rexistro de entrada nº 5.838), do seguinte xeito:

“

(...)

Denuncia por realización de actividad comercial sin licencia municipal.

(...)”

Pois ben en relación ás sendas denuncias presentadas por María Prudencia Dios Lampón faise constar a existencia de AUTO 00134/2015, de data 1 de setembro de 2015 emitido polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela que acorda:

“

(...)

DECLARAR EJECUTADA LA SENTENCIA de fecha 2 de septiembre de 2010 objeto del presente procedimiento.

Unir certificación literal al recurso y el original al libro registro correspondiente.”

9.- Por José Crujeiras Sampedro en escritos rexistrados de entrada nas datas 6 de novembro de 2015 e 23 de novembro de 2015, (Rexistro de entrada nº 11.396 e 12.086), presentase Oficio de Execución Material e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Segundo o disposto no artigo 209 da LOUGA, cando se estivesen executando obras sen licencia ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.

Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo de dar audiencia ó interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- a) Si as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrucción do indebidamente demolido.
- b) Si as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ó interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licencia, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.
- c) Si as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licencia ou orde de execución, ordenaráselle ó interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licencia no prazo previsto.

Este procedemento deberá resolverse no prazo de un ano contado desde a data do acordo de iniciación.

Si transcurrido o prazo de tres meses desde o requerimento o interesado non solicitase a oportuna licencia ou, se é o caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos ós que dese lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licencia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

Segundo.- A suspensión dos actos de edificación é unha medida cautelar de carácter obrigatorio para a Administración, que deberá adoptar cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas na mesma.

Para a súa adopción é preciso ter en conta un criterio de comparación e ponderación das lesivas consecuencias que ós respectivos intereses enfrontados traerá a adopción de tal medida cautelar, segundo dispón o artigo 72 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que regula os principios xerais das medidas provisionais ou cautelares, sendo a finalidade das mesmas asegurar a eficacia da resolución administrativa que puidera recaer.

Así mesmo, as medidas cautelares ou provisionais poden ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

Terceiro.- A parcela onde se atopa a edificación obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO**





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA e SOLO RÚSTICO COMÚN.

Cuarto.- O SOLO URBANO CONSOLIDADO contemplado na ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA, establece como uso global o residencial extensivo; como uso característico pormenorizado o de vivenda colectiva, e como usos admisibles os terciarios, pero non calquera uso terciario senón unicamente aqueles que tengan una relación de dependencia directa co uso principal, isto é co uso de vivenda, polo que solo se admiten as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

Quinto.- Define e regula o Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira no seu Título VI.- **USOS CLASIFICACIÓN E COMPATIBILIDADE; Capítulo 3º.- REGLAMENTO DO USO TERCIARIO**, no artigo 112.2 o uso comercial do seguinte modo.

Definición

Corresponde a este uso os establecementos adicados a compra-venda de mercaderías ou produtos a baixa escala.

A efectos destas ordenanzas establécense dous categorías:

- **Categoría 1ª: locales comerciais situados en cualquier planta de la edificación, compatibles con el uso de vivienda y otros usos, con acceso independiente desde el exterior.**

- **Categoría 2ª:** edificios dedicados en más del 60% de su superficie al uso comercial pudiendo dedicarse el resto a otros usos, excepto al de vivienda.

Condicións

Ademais de cumprir as disposicións legais que corresponden ás condicións de uso, volumen e ordenanzas da zona, observaranse as seguintes condicións:

1ª) No caso de que o mesmo edificio acolla usos comerciais e vivienda, deberá dispor de escaleiras e acceso ás vivendas independentes.

2ª) Os locais comerciais terán unha superficie mínima de 6 m por cada posto de traballo e un volumen mínimo de 18 m.

3ª) Os locais comerciais disporán de: 1 retrete e 1 lavabo por cada 200 m de superficie ou fracción. A partir dos 200 m instalaranse servizos independentes para ambos sexos. Poden quedar dispensados destes requisitos os locais menores de 50 m sempre que a vivienda anexa permita o uso de ditos servizos. Os retretes separaranse da zoa de público por un distribuidor ou mampara.

4ª) Exixiranse as instalacións necesarias para evitar as molestias como: olores, humos, vibracións, etc., así como para a prevención e extinción de incendios.

5ª) Nestes locais admitiranse as entreprantas que non ocupen mais do 50% da superficie do local, de maneira que os espazos útiles tengan unha altura libre mínima de 2,20 m.

Estos locais estarán abertos e incorporados ao resto do local o no seu defecto con ventilación e iluminación directa ao exterior.

Sexto.- O artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (no sucesivo LOUGA), dispón que están suxeitos a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como, entre outros, as obras de nova planta.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Sétimo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 195 da LOUGA no que se esixe que coas solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Asemade, para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A estes efectos no expediente consta, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 17.7.15, (Rexistro de entrada nº 7.577) consistente en Proxecto Básico para a ampliación e cambio de uso dun edificio de planta baixa e piso de xuño de 2015 e Oficio de Dirección de Obra, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 25.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.762), consistente en Plano A-05 planta baixa - estado reformado, Plano A-06 planta baixa - planta de cotas, planta A-07 Sección A-A, Plano A-08 alzados principal e lateral izquierdo, Plano A-9 alzados posterior e lateral dereito, Plano A-11 planta baixa recorridos de evacuación de agosto de 2015 así como Informe de cumprimento de CTE, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 27.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.840) consistente en Plano A-10 planta de cuberta de agosto de 2015, documentación presentada en escrito rexistrado de entrada na data 31.8.15, (Rexistro de entrada nº 8.930), consistente en novo Informe de cumprimento de CTE, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 29 de setembro de 2015, Oficio de Execución Material e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde.

A petición da licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello, ó tratarse de obra maior.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitavo.- O artigo 197 da LOUGA establece que no acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade da mesma por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.


Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Noveno.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Décimo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o





expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

En base ao anterior, da documentación que consta no expediente, e:

Vistos os antecedentes obrantes no expediente isto é, a Sentencia 00185/2009 emitida polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, dimanante do P.O. Nº 245/08.

Visto o precinto de actividade realizado polo Concello de Riveira en febreiro de 2012.

Visto os artigos 112.2, 156 e 170 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira.

Visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 1 de setembro de 2015 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal.

“

(...)


De todos los antecedentes obrantes en el expediente finalmente se emite un informe favorable al Proyecto Básico presentado el 17.7.2015 con número de registro 7.577, a los planos actualizados presentados el 25.8.2015 con número de registro 8.782, a los planos presentados el 27.8.2015 con número de registro 8.840 y a la justificación del cumplimiento del CTE presentado en escrito registrado de entrada 8.930 en fecha 31.8.15, al adecuarse dicha documentación a la Sentencia 00185/2009 emitida por el Juzgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, dimanante del P.O. Nº 245/08 en consonancia con lo dispuesto por el Plan General de Ordenación Urbana del Ayuntamiento de Riveira para los usos terciarios del artículo 112.2 con el artículo 156 que contempla la Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Hilera, así como la corrección de la situación de fuera de ordenación de la nave preexistente y su adaptación a las prescripciones del PXOM.”

Visto o informe técnico conxunto emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira e polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 14 de setembro de 2015

“

(...)

Personados los servicios técnicos municipales en el lugar arriba referenciado se comprueba que la alineación de la parcela indicada respeta la señalada por el





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Plan General de ordenación municipal Vigente (Plano nº 5.16 de dicho plan) por lo que no procede cesión.

La parcela por el viento sur, linda con el río listres por lo que deberá respetar la zona de servidumbre de 5,00 m. de anchura para uso público, se observa en el momento de la inspección que se cumple esta condición, estando la construcción existente a una distancia de 5,00 m. , en su punto más desfavorable."

Vista a **LICENZA MUNICIPAL DE OBRA** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de setembro de 2015 a entidade SUMINISTROS OUTEIRO S.L. para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA e ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL PARA** destinalo posteriormente a **USO ESPECÍFICO TERCIARIO DE VENDA POLO MIÚDO DE MATERIAIS E FERRAMENTAS DE CONSTRUCCIÓN** en parcela sita no lugar de Listres s/n, Carretera Xeral (CP-7305), Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 909508MH9099S0001LI.

Visto o **DECRETO DE ALCALDÍA** de data 13 de novembro de 2015 polo que se incoaba expediente de reposición da legalidade urbanística DU 7/14 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Vistas as denuncias presentadas por María Prudencia Dios Lampón en escritos de data 5 de xuño de 2015 e 23 de novembro de 2015 respectivamente, (Rexistro de entrada nº 5.838 e 12.067 respectivamente).

Visto o AUTO 00134/2015, de data 1 de setembro de 2015 emitido polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela que acorda:


"
(...)

DECLARAR EJECUTADA LA SENTENCIA de fecha 2 de septiembre de 2010 objeto del presente procedimiento.

Unir certificación literal al recurso y el original al libro registro correspondiente."

Visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 29 de setembro de 2015 em relación ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 29 de setembro de 2015 redactado por manuel Peleteiro Bandín:

"
(...)





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

El proyecto de ejecución presentado se corresponde con el proyecto básico y documentación complementaria que sirvió de base para la obtención de licencia según comprobaciones generales. No se solicitan cambios respecto de dicha licencia ni se detectan en la memoria del proyecto por lo que se comunica al promotor que la obra se realizará adaptada a los parámetros urbanísticos del proyecto básico para el que se otorgó licencia."

En base ao anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, e de conformidade co informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/01/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 29 de setembro de 2015 redactado por Manuel Peleteiro Bandín así como ao Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.

Segundo.- DISPOÑER, o LEVANTAMENTO DO PRECINTO E DA PARALIZACIÓN DAS OBRAS promovidas pola entidade SUMINISTROS OUTEIRO S.L. (licenza de obra concedida pola Xunta de Goberno local de data 17 de setembro de 2015), para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA e ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL**, para destinalo posteriormente a **USO ESPECÍFICO TERCIARIO DE VENDA POLO MIÚDO DE MATERIAIS E FERRAMENTAS DE CONSTRUCCIÓN** en parcela sita no lugar de Listres s/n, Carretera Xeral (CP-7305), Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 909508MH9099S0001LI, segundo a nova documentación aportada consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 29 de setembro de 2015 redactado por Manuel Peleteiro Bandín así como ao Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde e proceder ao **ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 7/15**.

Terceiro.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), **non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial**, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

Cuarto.- Logo de rematar a obra, **presentarase comunicación previa para o inicio da actividade cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia** (Dog nº





247 do 27 de decembro), realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado.

Quinto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Sexto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Oitavo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Noveno.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Décimo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*





- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Undécimo.- Notificar a presente resolución aos interesados, de conformidade co artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, entendendo como tales á entidade “Suministros Outeiro, S.L.”, a María Prudencia Dios Lampón e a Francisca Martínez Rama.

Duodécimo.- DAR CONTA da presente resolución ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela para que teñan coñecemento do presente acordo aos efectos oportunos.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **Cubeliños, S.L.**, mediante escritos de datas 02/04/2008, 04/09/2008, 03/06/2011, 08/05/2012, 17/08/2012, 10/09/2015, 11/11/2015 e 18/11/2015 (Rexistros de entrada nº 6.550, 21.510, 7.681, 6.104, 11.143, 9.406, 11.663 e 11.935), nos que solicita licenza de primeira ocupación para edificio de 7 vivendas e garaxes construído ao amparo da licenza de obras nº 394/06, sito na Rúa Carroucha, Riveira, en parcela con refª catastral nº 101282NH0111S0001ME.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto nos informes técnicos do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de datas 23/11/2014 e 15/01/2016, nos que fai constar o mencionado técnico que as deficiencias que motivaron a denegación da licenza de primeira ocupación pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18 de decembro de 2008 **se consideran subsanadas**, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Primeiro.- CONCEDER á entidade CUBELIÑOS S.L. **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para edificio de 7 vivendas e garaxes, sito Rúa Carroucha, Riveira, en parcela con refª catastral nº 101282NH0111S0001ME, construída ao amparo da licenza de obra nº 394/06, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión data 10 de agosto de 2006, de acordo coas determinacións da **Documentación Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24.1.08, **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 17.3.08 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de data 5.3.08, asinados polo Arquitecto Luís M. Sarasquete Otero e polo Arquitecto Técnico Manuel Romero Van der Schoot / **Certificación de Infraestrutura Común de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións Roberto Fernández López co **Boletín de Instalación e Protocolo de Probas** redactado por Manuel Paradela López así **Acta de Recepción de Edificio Terminado** así como da documentación presentada en escritos rexistrados de entrada nas datas 3.6.11, 8.5.12, 17.8.12, 10.9.15, 11.11.15 e 18.11.15, (Rexistros de entrada nº 7.681, 6.104, 11.143, 9.406, 11.663 e 11.935 respectivamente).


Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).


Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación tributos efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 16/02/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE TRIBUTOS				
Taxa expedición de documentos por licenza de primeira ocupación según ordenanza fiscal en vigor		139,44 €	TOTAL Ingresar/Devolver0,00 €	
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA				
Cota complementaria	139,44 €	Cota Autoliquidada	139,44 €	Diferenza 0,00 €





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Antonio Franco Rivas**, de data 02/02/2016 (Rexistro de entrada nº 991), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa do Prado, nº 18 – Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/02/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder a **Antonio Franco Rivas** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, así como pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa do Prado, nº 18 – Corrubedo.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas**, de data 15/02/2016, en relación á Orde do 28 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (IN519B). (DOG Nº 248, do 30/12/2015).





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Visto o proxecto redactado pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, de data febreiro 2016, que leva por título "Renovación de beirarrúas e instalación de rede de saneamento nun tramo da Avenida Ramiro Carregal. Polígono Industrial de Xarás (Riveira)", cun orzamento total de 110.998,94 €.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


- Solicitar unha axuda do 80% do importe considerado como subvencionable, ao abeiro da orde citada anteriormente para acometer a seguinte actuación: "Renovación de beirarrúas e instalación de rede de saneamento nun tramo da Avenida Ramiro Carregal. Polígono Industrial de Xarás (Riveira)"
- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 18 de febreiro de 2016

Dou fe, o secretario xeral

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle